



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**

Concellería de Xuventude  
e Voluntariado

Praza Ravela, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 212 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B  
xuventude@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

## **BASES      CAMPAMENTO      URBANO MEDIOAMBIENTAL**

A Concellería de Xuventude pon en marcha a seguinte actividade de educación non formal: CAMPAMENTO URBANO MEDIOAMBIENTAL, consistente nun programa de actividades ambientais, culturais, creativas e lúdicas que se levarán a cabo nas contornas naturais e monumentais do concello de Vilagarcía durante o mes de agosto. Estas actividades están dirixidas a nenos e nenas, mozos e mozas que terán a oportunidade de participar na natureza, da cultura, da tradición oral e da tecnoloxía, o que lles proporcionará unha ampliación dos seus coñecementos sobre o bosque, o mar, a cultura e a historia de Vilagarcía, desenvolvendo as súas habilidades de orientación, autonomía, respecto polo medio ambiente e aproveitamento racional do mesmo.

### **DESTINATARIOS**

20 mozos e mozas, empadroados/as en Vilagarcía de 8 a 11 anos cumpridos antes da incorporación ao Campamento Medioambiental e non exceder os 11 anos no momento da incorporación.

**DATAS DE REALIZACIÓN:** do 27 ao 31 de agosto e de luns a venres

**HORARIO:** de 10.00 a 14.00 e/ou de 10.00 a 19.00 h

**LUGAR DE PARTIDA E RECOLLIDA:** Aula do Auditorio

Nas actividades de todo o día o/a participante deberá levar a comida.

**LUGAR DE IMPARTICIÓN:** diferentes localizacións naturais de Vilagarcía

**COTA:** gratuita

## **SOLICITUDES E PROCESO DE SELECCIÓN**

Solicitudes: o/a mozo/a deberá presentar unha única ficha de inscrición facilitada na Concellería de Xuventude ou na web do Concello de Vilagarcía [www.vilagarcia.gal](http://www.vilagarcia.gal), sede.vilagarcia.gal, acompañada da documentación seguinte:

Autorización pai, nai, titor/a

Fotocopia DNI

Copia tarxeta sanitaria.

Os/as menores en situación de garda ou tutela administrativa e que se atopen en acollemento residencial, deberán aportar autorización da administración competente e da dirección do centro onde residan.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa en horario de 8.30 a 13.45 h. de luns a venres. O prazo de presentación das solicitudes será do 1 ao 13 de agosto.

A inscrición realizarase por rigurosa orde de entrada.

O día 17 de agosto publicarase a listaxe definitiva de admitidos/as.

Publicada a listaxe definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos.

En función das baixas que se produzan na actividade os/as solicitantes entrarán no campamento seguindo a orde na que figuren na lista.

A non incorporación o primeiro día de Campamento sen a debida xustificación médica entenderase como renuncia a participar no mesmo e dará lugar á entrada do/a suplente correspondente.